

BANDO

Con motivo dos atentados do 11 de Setembro de 2001 contra as Torres Xemelgas e o Pentágono, dende Santiago de Compostela amosamos a nosa solidariedade co pobo estadounidense e rexeitamos todas as accións terroristas, que nós mesmos estamos a padecer no noso país e das que son vítimas aqueles defensores máis significados da paz, como Joseba Pagaurtundua, asasinado por ETA a pasada semana.

As razóns para esa solidariedade atópanse na crenza de que a violencia indiscriminada é inaceptable como xeito de resolver conflitos políticos ou sociais, e de que a paz internacional debe asegurarse por medio do reforzamento do papel das institucións de que a comunidade internacional se dotou ao longo do Século XX, e especialmente da Organización das Nacións Unidas.

Así, moitos homes e mulleres de Santiago de Compostela comprendemos a necesidade da intervención internacional en Afganistán e o despregamento de ferramentas de control no movemento de persoas e cousas para previr novos atentados.

Sen embargo, as accións promovidas polo Goberno de EEUU para levar a cabo un ataque militar contra Irak, de ser preciso unilateral, amparándose no medo a novos atentados e lexitimándose nas resolucións da ONU que esixiron o completo desarmamento iraquí logo da guerra producida tras a invasión do emirato de Kuwait en 1990, non concitan igual consideración.

Un amplo número de persoas entendemos que unha acción bélica contra Irak baseada neses argumentos resultaría un uso desproporcionado da forza, tanto por existir alternativas para exercer presión sobre o réxime dictatorial de Saddam Hussein sen castigar a vítimas inocentes, como porque a acción unilateral dun Estado suporía quebrar os principios de legalidade internacional e debilitar a gran coalición contra o terror e a barbarie creada tras o 11 de Setembro.

A nosa cidade, Patrimonio da Humanidade, é exemplo magnífico do que a convivencia de culturas pode dar como resultado do entendemento e o esforzo común. Santiago de Compostela quere a paz porque é o único marco posible para a defensa das liberdades e dos dereitos humanos, un requisito necesario para que todos contribuíamos á consecución dun mundo plural, máis xusto e solidario, e a forma máis efectiva de loitar pola seguridade das persoas.

Por todo iso, no día de hoxe, escollido pola cidadanía para saír ás rúas e manifestar o seu desexo de paz, desde a capital de todos os galegos manifestamos o noso decidido apoio aos intentos de evitar a guerra, e instamos ás autoridades do noso país a que multipliquen os seus esforzos con responsabilidade para acadar ese resultado e restablecer o gran consenso que contra o terrorismo e a perturbación da paz mundial se tiña acadado.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2003

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela